

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2021/2022

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CBIFC02	Informática de oficina	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3029	Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos	2021/2022	10	296	355

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	DOSITEO EDUARDO ESTÉVEZ VÁZQUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## **2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

A actividade profesional do alumnado desenvolverase en empresas ou entidades públicas ou privadas, tanto por conta propia como allea, de calquera tamaño e sector produtivo, que dispoñan de redes de transmisión de voz e datos para o seu funcionamento.

Tamén se podera desenvolver esta actividade en empresas adicadas á comercialización, a montaxe e a reparación de equipos e servizos microinformáticos, en empresas que prestan servizos de asistencia técnica microinformática, e nas distintas Administracións Públicas como parte do soporte da organización.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Compoñentes dos sistemas microinformáticos	Ferramentas e compoñentes dos equipos informáticos.	85	20
2	Ensamblaxe de sistemas microinformáticos	Procedementos e técnicas de ensamblaxes de compoñentes e periféricos microinformáticos	83	25
3	Instalación de sistemas operativos	Procedemento de instalación e configuración básica dos sistemas operativos e aplicacións.	47	15
4	Técnicas de verificación da funcionalidade de sistemas, soportes e periféricos	Realización de comprobacións da funcionalidade dos elementos do sistema, os soportes e os periféricos instalados.	47	10
5	Mantemento dos sistemas informáticos	Procedementos para as operacións de mantemento habituais nos sistemas microinformáticos.	50	15
6	Almacenaxe e conservación de equipamentos informáticos	Condições axeitadas para a manipulación, transporte, organización e almacenaxe de compoñentes e periféricos dos sistemas microinformáticos.	25	10
7	Iniciativa emprendedora	Actitudes necesarias para a montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.	18	5

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Compoñentes dos sistemas microinformáticos	85

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características dos elementos eléctricos e electrónicos utilizados na montaxe de sistemas
CA1.2 Descríbense as operacións e as comprobacións previas á manipulación segura de compoñentes eléctricos e/ou electrónicos
CA1.3 Identifícanse as ferramentas e os dispositivos necesarios na manipulación segura de sistemas electrónicos
CA1.4 Seleccionáronse as ferramentas necesarias para o procedemento de montaxe, substitución e/ou conexión de compoñentes hardware dun sistema microinformático
CA1.5 Identifícanse funcionalmente os compoñentes hardware para a ensamblaxe e/ou o mantemento dun equipamento microinformático
CA1.6 Descríbense as características de dispositivos informáticos como portátiles, táboas, plataformas semiensambladas (barebone), de adestramento multimedia, etc
CA1.7 Descríbense as características técnicas de cada compoñente de hardware (interno e externo) utilizado na montaxe e/ou no mantemento dun equipamento microinformático
CA1.8 Localízanse os bloques funcionais en placas base utilizadas nos sistemas microinformáticos
CA1.9 Identifícanse os tipos de portos, baías internas, zócolos e cables de conexión (de datos, eléctricos, etc.) existentes nun equipamento microinformático
CA1.10 Recoñécense e describíronse as características técnicas de dispositivos periféricos dun equipamento microinformático
CA1.11 Descríbense ordenadamente as instrucións para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Corrente continua e corrente alterna. Lei de Ohm. Magnitudes eléctricas: intensidade, diferenza de potencial (tensión), resistencia, potencia e enerxía eléctrica. Aparellos de medida de magnitudes eléctricas. Efecto Joule.
0Zócolos e baías de expansión.
Tipos e elementos de fixación dos compoñentes ás carcasas.
Portos: paralelo, serie, USB, firewire (IEEE 1394), etc. Periféricos básicos: monitor, teclado, rato e impresoras. Outros periféricos: altofalantes, micrófono, escáner, dispositivos multimedia, etc.
Seguridade no uso de ferramentas e compoñentes eléctricos e electrónicos.
Seguridade eléctrica: medidas de prevención de riscos eléctricos; danos producidos por descarga eléctrica.
Elementos eléctricos e electrónicos básicos: pilas e baterías, premedores, interruptores, fontes de alimentación, resistencias, condensadores, díodos (rectificadores e LED), transistores, etc.
Ferramentas utilizadas nos procedementos de montaxe de sistemas e periféricos microinformáticos.

**Contidos**

Unidades funcionais dun sistema microinformático.

Compoñentes dos sistemas microinformáticos: carcacas, fontes de alimentación, ventiladores e disipadores de calor, placas base, microprocesadores, memoria RAM e tarxetas de expansión.

Dispositivos de almacenamento: discos duros e lectores/gravadores ópticos e magnetoópticos. Características e tipos.

Dispositivos informáticos como portátiles, táboas, plataformas semiensambladas (barebone), de entretemento multimedia, etc.

Buses e conectores de datos.

Cableamento e conectores de alimentación.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Ensamblaxe de sistemas microinformáticos	83

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Ensambla os compoñentes de hardware dun equipamento microinformático, con interpretación de guías e instrucións, aplicando técnicas de montaxe	SI

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Comprobase cada compoñente antes da súa utilización, seguindo as normas de seguridade establecidas
CA2.2 Interpretáronse as guías de instrucións referentes aos procedementos de integración ou ensamblaxe, substitución e conexión de compoñentes de hardware dun sistema microinformático
CA2.3 Montáronse placas base e fontes de alimentación en distintos tipos de carcasas
CA2.4 Ensambláronse os compoñentes de hardware internos (memoria, procesador, tarxeta de vídeo, pila, etc.) á placa base do sistema microinformático
CA2.5 Fixouse cada dispositivo ou tarxeta de expansión na ranhura ou slot correspondente, segundo guías detalladas de instalación
CA2.6 Conectáronse adecuadamente os compoñentes de hardware internos (como discos duros, dispositivos ópticos, etc.) que necesiten cables de conexión, para a súa integración no sistema microinformático

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Procedementos de ensamblaxe, substitución e conexión de compoñentes de hardware de sistemas microinformáticos.
Técnicas de montaxe, substitución e conexión de compoñentes e periféricos microinformáticos.
Guías de instrucións de compoñentes de sistemas microinformáticos.
Periféricos básicos: monitor, teclado, rato e impresoras.
Outros periféricos: altofalantes, micrófono, escáner, dispositivos multimedia, etc.
Seguridade nas operacións de montaxe, substitución e conexión de compoñentes e periféricos microinformáticos.

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Instalación de sistemas operativos	47

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Instala sistemas operativos libres e propietarios identificando as fases do proceso en relación coa funcionalidade da instalación	SI

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense os pasos para a instalación e a actualización de sistemas operativos
CA3.2 Instaláronse e configuráronse sistemas operativos segundo as instrucións recibidas
CA3.3 Instaláronse actualizacións e parches do sistema operativo segundo as instrucións recibidas
CA3.4 Instaláronse e configuráronse aplicacións de software en sistemas operativos
CA3.5 Verifícanse e reparáronse posibles erros do proceso de carga do sistema operativo
CA3.6 Utilizáronse as ferramentas de control de estruturas de directorios e de xestión de permisos
CA3.7 Anotáronse os posibles fallos producidos na fase de arranque do equipamento microinformático
CA3.8 Realizáronse copias de seguridade dos datos
CA3.9 Descríbense as funcións de replicación (clonación) de discos e particións en sistemas microinformáticos
CA3.10 Utilizáronse ferramentas de software para a creación e a restauración de imaxes de discos ou particións
CA3.11 Verifícase a funcionalidade da imaxe restaurada

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Software básico dun sistema informático.
Ferramentas de creación e implantación de imaxes e réplicas de sistemas: orixes de información; procedementos de implantación e de verificación de imaxes e réplicas de sistemas.
Funcións do sistema operativo.
Utilización do sistema operativo.
Sistemas operativos actuais libres e propietarios.
Proceso de arranque de equipamentos microinformáticos.
Operacións con sistemas de ficheiros, directorios e permisos.
Instalación e actualización de sistemas operativos libres e propietarios.
Instalación e configuración de aplicacións software en sistemas operativos libres e propietarios.

**Contidos**

Copias de seguridade de datos.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Técnicas de verificación da funcionalidade de sistemas, soportes e periféricos	47

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Comproba a funcionalidade dos elementos do sistema, os soportes e os periféricos instalados, utilizando procedementos de test axeitados	SI

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Aplicáronse a cada compoñente de hardware e a cada periférico os procedementos de comprobación adecuados
CA4.2 Verificouse que o equipamento microinformático realice o procedemento de acendemento e de POST ("power on self test") e, de ser o caso, identificouse a orixe dos problemas
CA4.3 Comprobouse a funcionalidade dos soportes para almacenamento de información
CA4.4 Utilizáronse as ferramentas e as guías de uso para comprobar o estado e a funcionalidade dos soportes de almacenamento e da información contida nestes
CA4.5 Verificouse a funcionalidade na conexión entre compoñentes do equipamento microinformático e cos periféricos
CA4.6 Utilizáronse ferramentas de configuración, control e comprobación de verificación do correcto funcionamento do sistema
CA4.7 Rexistráronse os resultados e as incidencias producidas nos procesos de comprobación da funcionalidade dos sistemas microinformáticos

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Técnicas de verificación e test de sistemas microinformáticos.
Software de test e verificación.
Ferramentas de verificación e diagnóstico de sistemas microinformáticos.
Procedementos de POST ("power-on self test").
Verificación da funcionalidade dos soportes de almacenamento e da integridade da información contida neles.
Verificación da conexión de dispositivos periféricos no sistema microinformático.
Informes de resultados e incidencias producidas nos procesos de comprobación de sistemas microinformáticos.

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Mantemento dos sistemas informáticos	50

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza o mantemento básico de sistemas informáticos, soportes e periféricos, tendo en conta a relación entre as intervencións e os resultados que cumpra conseguir	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Comprobase por medio de indicadores luminosos que os periféricos conectados ao sistema teñan alimentación eléctrica e que as conexións de datos estean ben realizadas
CA5.2 Descríbense os elementos consumibles necesarios para seren utilizados nos periféricos de sistemas microinformáticos
CA5.3 Utilizáronse as guías técnicas detalladas para substituír elementos consumibles
CA5.4 Descríbense as características dos compoñentes, dos soportes e dos periféricos para coñecer os aspectos que afecten o seu mantemento
CA5.5 Utilizáronse as guías de fábrica para identificar os procedementos de limpeza de compoñentes, soportes e periféricos
CA5.6 Realizouse a limpeza de compoñentes, soportes e periféricos respectando as disposicións técnicas establecidas por fábrica e mantendo a súa funcionalidade
CA5.7 Recolléronse os residuos e os elementos de refugo segundo as normas recomendables para a súa eliminación ou a súa reciclaxe

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Comprobación da correcta conexión de periféricos ao sistema.
Técnicas auxiliares de mantemento de sistemas microinformáticos: mantemento preventivo e periódico.
Medidas de conservación e reciclaxe de elementos consumibles.
Procedementos de substitución de elementos consumibles.
Seguridade na manipulación e na substitución de elementos consumibles.
Procedementos de limpeza de compoñentes, soportes e periféricos.

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Almacenaxe e conservación de equipamentos informáticos	25

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Almacena equipamentos, periféricos e consumibles, e describe as condicións de conservación e etiquetaxe	SI

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Descríbense as condicións para manipular, transportar e almacenar compoñentes e periféricos dun sistema microinformático
CA7.2 Identifícanse os tipos de embalaxe para o transporte e/ou a almacenaxe de cada dispositivo, periférico e consumible
CA7.3 Utilizáronse as ferramentas necesarias para realizar as tarefas de etiquetaxe previas á embalaxe e/ou o almacenamento de sistemas, periféricos e consumibles
CA7.4 Utilizáronse os medios auxiliares adecuados para os elementos que se vaian transportar
CA7.5 Aplicáronse as normas de seguridade na manipulación e no transporte de elementos e equipamentos
CA7.6 Comprobase que os compoñentes recibidos se correspondan co albará de entrega e que estean en bo estado
CA7.7 Rexistráronse as operacións realizadas seguindo os formatos establecidos
CA7.8 Recolléronse os residuos e os elementos de refugo para a súa eliminación ou reciclaxe

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Técnicas de etiquetaxe, embalaxe, almacenamento e transporte de sistemas e compoñentes informáticos.
Procedementos e ferramentas de etiquetaxe.
Embalaxe de compoñentes e periféricos dun sistema microinformático.
Precaucións para considerar no traslado de sistemas microinformáticos.
Normativa de prevención de riscos laborais no transporte e na almacenaxe de produtos.
Albarás de transporte.
Tratamento, reciclaxe e eliminación de residuos informáticos.

#### 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Iniciativa emprendedora	18

#### 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos	SI

#### 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Caracterízouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para a montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos
CA6.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito na montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos
CA6.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
A persoa emprendedora na montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para alcanzar unha avaliación positiva deberánse superar todos os criterios de avaliación impartidos e considerados como mínimos exigibles en cada unidade didáctica e obter unha nota media ponderada superior ou igual a 5.

Para cada unidade didáctica realizaranse unha ou varias probas coas que se avaliará cada criterio de avaliación empregando o instrumento de avaliación indicado.

No caso dos criterios de avaliación para os que se utilizan táboas de observación, se durante a realización das actividades e exercicios prácticos se observa que un alumno supera ese criterio, non será preciso que ese alumno realice unha proba específica, dándolle por superado ese criterio de avaliación.

A nota de cada avaliación calcularase ponderando as notas obtidas para cada unidade didáctica impartida ata ese momento co peso asignado a esa unidade na programación.

A nota de cada unidade didáctica calcularase ponderando as notas obtidas para cada criterio de avaliación contemplado na unidade co peso asignado a ese criterio na unidade.

En caso de que non se impartiran a totalidade de unidades didácticas ou de criterios de avaliación dentro delas, calcularanse os novos pesos, tendo en conta unicamente a materia impartida, de xeito que se manteña a proporcionalidade dos pesos orixinais.

Cando o resultado da ponderación sexa un valor igual ou superior a 5, a nota obterase por redondeo a un valor enteiro.

Cando o resultado da ponderación sexa un valor inferior a 5, a nota será o valor enteiro entre 1 e 4 máis próximo ó resultado da ponderación.

### NOTA DA AVALIACIÓN FINAL

No caso de que o alumno teña aprobada a 3ª avaliación a nota da avaliación final será a mesma que a da 3ª avaliación.

No caso dos alumnos que non teñan aprobada a 3ª avaliación sen teres perdido o dereito a avaliación continua, o método de cálculo da nota será o mesmo que o utilizado para o cálculo das notas das avaliacións parciais, despois de realizaren a proba de recuperación que se menciona no apartado 6.a) desta programación.

No caso dos alumnos que teñan perdido o dereito a avaliación continua, o método de cálculo da nota será o mesmo que o utilizado para o cálculo das notas das avaliacións parciais, despois de realizaren a proba de recuperación que se menciona no apartado 6.b) desta programación.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- Alumnado que teña o módulo suspenso despois da última avaliación parcial anterior á avaliación final:

O alumnado que na última avaliación parcial non obteña unha nota igual ou superior a 5 deberá presentarse antes da sesión de avaliación final do módulo a unha proba de recuperación dos resultados de aprendizaxe non acadados.

Para poderen facer esta proba deberán ter realizados e superados todos os traballos/exercicios que no seu momento se indicasen como imprescindibles. En caso de que non sexa así, a proba será unha proba global na que se avaliaren todos os resultados de aprendizaxe.

Estas probas poderán estar divididas en varias partes para permitir aplicar todos os criterios de avaliación.

A nota calcularase seguindo o procedemento indicado no apartado 5 desta programación.

- Alumnado que teña o módulo suspenso despois da avaliación final:

Deberá presentarse a unha proba final extraordinaria que se realizará nas datas establecidas pola Orde na que se aprobou o calendario escolar do curso.

A nota calcularase seguindo o procedemento indicado no apartado 5 desta programación.

- Alumnado que teña o módulo pendente do curso anterior:

Dado que este módulo é de primeiro curso, a súa recuperación realizarase durante as dúas primeiras avaliacións, namentres o/a alumno/a cursa segundo, polo que o alumnado que teña o módulo suspenso do curso anterior deberá presentarse antes da sesión de avaliación final de módulos do 2º curso, a unha proba de recuperación global na que se avaliarán todos os resultados de aprendizaxe.

Ó inicio do período de recuperación fíxase proporcionándose ó alumnado un calendario de actividades de recuperación e unha listaxe de exercicios para facer.

De non aprobar, establecerase un novo período de recuperación, durante o último trimestre do curso, e deberá presentarse, antes da sesión de avaliación final do módulo de primeiro, a unha proba de recuperación global na que se avaliarán todos os resultados de aprendizaxe.

En calquera caso, a nota calcularase seguindo o procedemento indicado no apartado 5 desta programación.

O alumnado deberá de resolver as súas dúbidas sobre a materia e os exercicios no horario de titoría, ou, de se-lo caso, no horario establecido a tal fin pola Xefatura de Estudos.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O alumnado que teña perdido o dereito a avaliación continua deberá presentarse antes da sesión de avaliación final do módulo a unha proba global na que se avaliarán todos os resultados de aprendizaxe.

Esta proba poderá estar dividida en varias partes para permitir aplicar todos os criterios de avaliación.

A nota calcularase seguindo o procedemento indicado no apartado 5 desta programación.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Establécense tres niveis de seguimento da programación e de avaliación da propia práctica docente: de Departamento, de equipo docente do curso e individual.

1) Seguimento polo Departamento.

- O seguimento da programación do módulo farase polo procedemento que o Departamento ou o Centro estipule a tal efecto.

2) Seguimento polo equipo docente.

- Se algún outro módulo do ciclo se solapase parcialmente con este en canto a contidos deberase coordinar cos docentes que impartan eses módulos os aspectos deses contidos comúns que se tratarán en cada un dos módulos, e de seren o caso, poderase modificar a programación dos módulos implicados para cubrir todos os aspectos dos contidos que se solapan e minimizar na medida do posible a repetición en diferentes módulos de contidos xa vistos no(s) outro(s).

- Nas reunións de avaliación, ou en calquera outro momento ó longo do curso se se considerara oportuno, verificarase que a coordinación planificada está a funcionar axeitadamente. De non seren así habería que modificar as programacións para adaptalas á nova situación.

3) Seguimento individual.

- A medida que se van impartindo os contidos desta programación deberase ir verificando a idoneidade dos mesmos, así como a temporalización e mesmo a orde de impartición dos contidos.

- En caso de que os resultados académicos obtidos polos alumnos non se consideren suficientemente bos, tendo sempre en conta as

características do alumnado, deberase revisar a programación para detectar os problemas que están causando esos malos resultados e proceder a súa modificación, ben ó longo do curso, ben pensando en cursos vindeiros.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades.

Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información procederá, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas.

Conforme con isto, na primeira sesión de clase do módulo, despois de realiza-la presentación da programación do módulo, preguntárase ó alumnado sobre os motivos que o levaron a matricularse no ciclo, así como sobre o coñecemento que ten sobre algúns aspectos relacionados cos contidos que se verán no módulo, o que deba de servir para adecua-la actividade docente as características do grupo.

Esta avaliación inicial en ningún caso levará consigo cualificación académica para o alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Se se detectara que algúns alumnos presentan necesidades educativas especiais informarase ó departamento de Orientación, que é o responsable de identificalas e valoralas para deseñar e coordina-los plans de apoio e medidas coas que atender á diversidade do alumnado do centro.

Co restante alumnado, tan pronto como se detecte que unha alumna ou alumno non pode seguir o normal desenvolvemento do ritmo do curso a pesar de que se observa un esforzo axeitado por parte del ou dela, na medida en que o ratio do alumnado nesa situación o faga posible e sempre que se dispoña dos recursos necesarios, propóráselle actividades de reforzo especialmente deseñadas para a súa problemática e diversidade concreta. Ditas actividades manteranse ata que se observe que pode seguir correctamente o ritmo medio do avance normal do desenvolvemento do curso.

En xeral, ditas actividades poderán consistir:

- a) División en partes elementais, das actividades normais, con explicacións adicionais personalizadas.
- b) Actividades de busca de información especialmente deseñados para o alumno/alumna concretos.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

O tratamento da educación en valores está vinculado con tódalas actividades propostas ó longo do ciclo.

En particular, os contidos que están directamente relacionados co módulo serán:

- Precaucións e recomendacións para manter as medidas de seguridade e hixiene necesarias.
- Conciencia mediambiental: inculcación do hábito da reciclaxe do material fomentando o emprego de material reciclable e a recollida por parte do alumnado do material antigo para a súa reutilización,
- Potenciamento do aforro enerxético.
- Aprecio e valoración da propiedade intelectual
- Fomento do emprego de software libre como ferramenta que permite o acceso en igualdade de condicións independentemente do poder económico.
- Educación para a igualdade entre sexos.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As que se acorden no Departamento de Informática para os ciclos de Informática e Comunicións ó longo do curso.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Ensino semipresencial e telemático

No caso de ser necesario impartir o módulo mediante ensino semipresencial e/ou telemático, adaptarase a metodoloxía ao uso das ferramentas que permitan desenvolver as actividades síncronas, como:

- Webex, para clases por videoconferencia con chat, audio, vídeo e/ou escritorio compartido,
- Google Docs, para realización de traballos en grupo sobre documentos compartidos.

e tamén actividades asíncronas, como:

- Aula Virtual, para repositorio de apuntes e materiais, recollida de traballos de alumnado, foros de consulta, mensaxería, etc.
- Correo electrónico, para comunicación directa co profesor.

Para titorías individuais poderase solicitar unha cita vía Webex ou teléfono se fora o caso.